



Un fillo que escribiu a súa nai de servicio, contándolle os traballos que pasara (...):

Mi madre, queridiña, xoia do meu peito amado, alégrome que usted reciba este papel mollado. Que usted se encuentre boa, forte coma un carballo, que eu vou para servila todo o que poda mandado.

Ai miña madre queridiña, desde que na porta da casa lle dei o último abrazo e puxen os pés ao camiño e ao pouco de haber andando, encontrei cos compañeiros que xa viñan ben cansados. Xuntámonos todos xuntos e por fin á Coruña, fomos cheghando.

Tan pronto como cheghamos déronnos o vestuario: unha chaqueta marela, un pantalón encarnado, unhas botinas neghras e un ghorro colorado; e déronnos outras tantas cousas que inda do demo trae en tanto as tendeiros o día vinte cando veñen de Santiaghó. E déronnos unha balloneta que lle é moi aparecida á rabela dun arado e déronnos un cinto para apretala barrigha pa que non comamos tanto.

Ai miña madre queridiña, desde que na porta da casa lle dei o último abrazo, puxen os pés ao camiño e ao pouco de haber andando, encontrei cos compañeiros que xa viñan ben cansados. Xuntámonos todos xuntos e por fin á Coruña, fomos cheghando. E así pasámola noite, uns dereitos e outros deitados. E por fin, ao outro día, déronnolo o vestuario: unha chaqueta marela, un pantalón encarnado, unhas botinas neghras e un ghorro colorado; e déronnos outras mil cousas que inda do demo trae en tanto as tendeiros o día vinte cando veñen de Santiago. Déronnos un cinto pra apreta-la barrigha pa que non comamos tanto; e déronnos unha balloneta que lle é moi aparecida á rabela dun arado.

Así que nos viron listos levalos aló ao campo pa enseñarnos a andadura como se foramos vacos, e empezan a berralos cabos:

- A ver señores, un, dous, tres, catro, d'aquí palí polo campo.

Hasta que todos cansaron. Oh, quen se cansaron foron eles que nós xa estabamos. Mandáronnos pa o cuartel a paso largho. Cheghamos a el sen alento. Tan pronto como cheghamos, repártennos un bocado de pan que inda ben non marchou en tres bocados.

Volven a berrar os cabos:

- A ver señores, a limpiala roupa, limpialos platos e dar lustre aos zapatos.

Eu así que vin que me poñían tan maghos, dixen eu pra comigho:

- E a onde nos quererán levar eses condenados, a unha romaría?

- Non, donde ao demo aló cheghamos.

Tan pronto como acabamos, volven a berralos cabos:

- A ver señores, a coller cada un súa coitela e pelalas patacas pa o rancho.



E dixen eu pra comigho:

- Ai, malos traballos cho exighan que labor che menos non mandaron. Non fixen na miña casa e veño facer aquí de soldados.

E houbo que quedar calados porque dábanlles leña que lla dan ao máis pintado.

E tan pronto como acabamos, pao paseo nos madaron. E dixen eu pra comigho:

- E máis paseos che exighan, parece que paseamos pouco polo campo.

E tan pronto como viñemos pa camiña nos mandaron, sin rezar un Padre Nuestro, nin sequera presinarnos.

Tócanos a corna de noite e houbo que quedar calados, coma se mudos formamos.

Ai miña madre queridiña, ter lingua e non poder falare, donde se viu outro tanto? Se o inferno non está aquí, debe estar desviado.

Cheghounos un parte de noite que tiñamos que marchar pa Biscaia destinados. E inda ben non amañeceu outro día, xa estabamos arrehlando na nosa vía, nos nosos muebles, á paxareira nos meteron, as portelas nos cerraron, e despois empeza unha cousa a bufar, como bufa o porco bravo. Eu botei a cabeza fóra pra ver como andabamos, pero desta artimañada solo deben tirar diabos. E se non é cousa de meighas, non habrá meighas este ano?

E empeza a botar montes de fume neghro, tan negros como os meus pecados; a cruzar pontes e vías de ferros cruzados aos outros ghrandes de castaños e empezouse a meter nun buraco como cando o raposo fai un niño nun balo. E dixen eu pra comigho:

- Pois aghora xa pasta o monte, quédoche aquí ben enterrado. Pero non, que nos han de valer os santos: Nosa Señora do Viso, Madre dos Desamparados, sácame deste pelighro que che hei dar un arghinaldo, e correndo desta sorte a Biscaia fomos cheghando.

E usted madre querida, gharde moito coidado daquelas catro ovellas e do año apighrado e do boi branco; e dalle moitos recuerdos a Ramona dos... ao xastre Pedro Bravo e a Marica do Quinteiro, diralle da miña parte que se morro fusilado que morro pensando nela seghún estou enamorado. E usted, madre querida, reciba o corazón deste seu fillo que aquí de nombre chámanlle Asno.

E acabou.